

As propiedades textuais III: a adecuación

1. Adequación, rexistro formal e informal

Todas as linguas posúen varios **niveis** (culto, estándar, popular ou vulgar) e **registros** (formal ou informal). **A adecuación consiste na elección da variedade de lingua axeitada a cada acto e situación comunicativa.** Debemos adaptar o tipo de lingua que empregamos segundo as persoas ás que nos diriximos, o lugar e momento en que esteamos e tamén a canle de comunicación que utilizemos: non escribimos igual unha mensaxe de móbil ca unha carta para as nosas amizades, usamos distintas canles e acomodamos a lingua a elas.

Daquela, debemos aprender a seleccionar o **rexistro** adecuado a cada situación comunicativa. A grandes trazos, falamos de dous tipos de rexistro:

- **Rexistro formal:** é o empregado, por exemplo, nas conferencias, nos telexornais, na maior parte da literatura, nos traballos da clase...
- **Rexistro informal ou coloquial:** é o que utilizamos a maior parte do tempo na nosa vida cotiá coas amizades e con persoas de confianza.

Cada un deles presenta características propias:

Rexistro formal	Rexistro informal
Información ben seleccionada e organizada	Adoita repetirse a información
Corrección morfosintáctica	Problemas de concordancias e oracións sen rematar
Tecido sintáctico ben construído con emprego de oracións compostas	Tendencia a usar oracións simples ou abuso das coordinadas con e
Riqueza léxica con uso de sinónimos, antónimos e hiperónimos	Léxico repetitivo
Léxico preciso, mesmo con emprego de vocabulario especializado	Utilización de palabras comodín, frases feitas, expresións de apoio e xergas
Ton impersoal e máis distante; tratamento de vostede	Ton próximo aos interlocutores: tratamento de ti, vocativos, pronomes de solidariedade, diminutivos e abundantes interrogacións e exclamacións.

2. A corrección morfolóxica

Do explicado anteriormente dedúcese que a **corrección** é un tipo de adecuación que consiste en elixir e aplicar axeitadamente os coñecementos gramaticais e normativos. Nos temas anteriores xa tratamos a corrección sintáctica e a léxica, agora abordaremos a morfolóxica.

a) As concordancias

A concordancia consiste na coincidencia das categorías gramaticais (xénero, número, tempo e persoa) nas palabras que están relacionadas entre si. Lembra que:

- O suxeito ten que concordar en número e persoa co predicado. Daquela, cando o suxeito sexa un substantivo colectivo, o predicado debe manterse en singular: *O grupo estivo de acordo coa proposta dunha excursión á neve.* Unicamente no caso de que o substantivo leve un complemento que especifique os elementos que o compoñen podemos admitir dúas posibilidades: a concordancia formal (*O grupo de rapazas e rapaces estivo de acordo coa proposta dunha excursión á neve*) e a concordancia polo sentido (*O grupo de rapazas e rapaces estiveron de acordo coa proposta dunha excursión á neve*).

- Os adxectivos concordan en xénero e número cos substantivos cos que se relacionan; cando se refiren a máis dun substantivo teñen que ir en plural: *Regaláronlle un libro e un CD preciosos.* Se presentan distinto xénero, a concordancia realízase en masculino plural: *Regaláronlle un libro e unha película preciosos;* nestes casos aconséllase alterar a orde dos elementos, colocando o masculino ao final para que a concordancia resulte menos brusca: *Regaláronlle unha película e un libro preciosos.*

b) A linguaxe sexista

Consiste en utilizar palabras ou estruturas discriminatorias, aínda que gramaticalmente non son incorrectas. Por exemplo: realizamos un uso sexista da lingua cando nomeamos só en masculino ou só en feminino determinadas profesións, ocultando que son exercidas polos dous sexos (*médico, avogado* fronte a *enfermeira* ou *limpadora...*); ou cando nos diriximos en masculino a un público integrado por homes e mulleres.

Que importancia ten isto? Dado que a lingua é o medio que empregamos para nos comunicar, ela é o reflexo e o mecanismo de transmisión do que pensamos, sentimos e facemos todas as persoas. A lingua non é sexista, pero si o pode ser o uso que nós fagamos dela se cando nos expresamos só mencionamos o relacionado cos homes e ocultamos as capacidades e funcións das mulleres na sociedade. **Calquera uso dun idioma que invisibiliza as mulleres debe ser rexeitado a favor, na medida do posible, de formas non sexistas de expresión.**

Para non ocultar a ninguén e, ao mesmo tempo, empregar correctamente a lingua (iso exclúe o emprego da arroba, dado que non é un signo lingüístico) contamos con varias posibilidades:

1. Empregar os dous xéneros e a flexión de xénero sempre que sexa posible: *as rapazas e os rapaces; o xuíz, a xuíza.* En relación ás ocupacións e profesións que tradicionalmente só eran desempeñadas por homes é frecuente que teñamos dúbidas sobre as formas gramaticais femininas correctas. As regras xerais son as seguintes:

a) Marcan o xénero feminino mediante sufixos os seguintes substantivos:

- os rematados en -o ou -e cámbianos por a: *bombeiro / bombeira, xefe / xefa*
- os rematados en -or ou -iz engaden -a: *conductor / conductora, aprendiz / aprendiz*
- os rematados en -án fan o feminino en -á ou, se son pexorativos, en -ana: *artesán / artesá, charlatán / charlatana*

b) Marcan o xénero feminino mediante o emprego do artigo:

- os rematados en -ar ou -al: *o / a auxiliar, o / a oficial*
- os rematados en -nte: *o / a estudante*
- os rematados en -able: *o / a contable*
- os rematados en -ense: *o / a forense*
- os rematados en -a no masculino: *o / a electricista*

2. Empregar substantivos colectivos ou abstractos. Esta é unha listaxe dalgúns exemplos de alternativas recomendables:

FORMA NON RECOMENDABLE	FORMA RECOMENDABLE
o director do centro	a dirección do centro
o home	os seres humanos, a humanidade
o interesado	as persoas interesadas
o xefe de estudos	a xefatura de estudos
os afeccionados	a afección
os afectados	as persoas afectadas
os alumnos	o alumnado
os cidadáns	a cidadanía
os galegos	o pobo galego
os inmigrantes	a poboación inmigrante
os maiores	as persoas maiores, a xente maior
os mozos	a mocidade, a xente nova
os nenos	a infancia
os pais	as nais e pais
os profesores	o profesorado
os solicitantes	as persoas que o soliciten
os traballadores	as persoas traballadoras, o persoal
os veciños	a veciñanza

3. Empregar as barras: *A/o alumna/o.* Esta posibilidade debemos tratar de usala unicamente cando non teñamos outra alternativa.

c) Artigos e pronomes

- As palabras de xénero feminino levan sempre artigo a, aínda que comecen por esta mesma vogal; polo tanto, *a aula, a acta, a auga ou a alma*.
- Hai que ter coidado coa distinción entre as formas lle/lles, sen esquecer a variación de número: *Á rapaza gustoulle a proposta de excursión á neve / Ás rapazas gustoulles a proposta de excursión á neve*.
- Cómpre ter coidado tamén con verbos que, por influxo do castelán, se empregan co pronome de CI cando lles corresponde o de CD. Fíxate nos seguintes exemplos:

Incorrecto	Correcto
<i>*Saúdalle atentamente</i>	<i>Saúdaa atentamente</i>
<i>*Convídoche a xantar</i>	<i>Convídate a xantar</i>
<i>*Chamo para informalle de que o meu fillo está enfermo</i>	<i>Chamo para informala de que o meu fillo está enfermo</i>
<i>*Xa lle avisei de que ía chegar tarde</i>	<i>Xa o avisei de que ía chegar tarde</i>
<i>*Obrigoulle a comer toda a comida</i>	<i>Obrigouno a comer toda a comida</i>

d) Indefinidos

- A forma *elo* non existe en galego; no seu lugar debemos empregar *isto*: **Debido a elo, os prezos do leite aumentaron desmesuradamente / Debido a isto, os prezos do leite aumentaron desmesuradamente*.
- As formas *mesmo/a, mesmos/as* non se poden empregar con valor pronominal. Oracións como **Explica a importancia do Grupo Nós e cita tamén os integrantes do mesmo* deben ser redactadas como *Explica a importancia do Grupo Nós e cita tamén os seus integrantes*.
- As formas *ambos/as* teñen que levar sempre artigo antes do substantivo ao que acompañen: *En ambos os casos, a solución atopouse falando abertamente*.
- Nas oracións negativas non se poden empregar os indefinidos positivos *algún, algunha, algúns, algunhas*: **Non tiña dúbida algunha de que o farías moi ben* debe ser corrixido por *Non tiña ningunha dúbida de que o farías moi ben*.
- *Calquera* é unha forma única e invariable; xa que logo, non son correctas **calqueira, *calquer* ou os seus plurais teóricos: *Calquera rapaz o faría mellor ca ti. Acaba rápido, dálle uns papeis calquera*.

e) Verbos

- O infinitivo nunca pode ser o verbo principal dunha oración, sempre ten que ser introducido por outro: **En relación a Castelao, dicir tamén que o seu labor foi moi importante a nivel político* debe ser redactado *En relación a Castelao, cómpre / hai que dicir tamén que o seu labor foi moi importante a nivel político*.
- A construción a+infinitivo con valor de futuro non é correcta: **O texto a comentar é un poema de Carlos Negro* pode substituírse por *O texto que imos comentar é un poema de Carlos Negro* ou *O texto para comentar é un poema de Carlos Negro*.

Actividades

1. Le o seguinte texto. Por que non é adecuado? Cal é a intención do autor?

De camiño á casa da súa avoa, Carapuchiña Vermella viuse abordada por un lobo que lle preguntou que levaba na cesta.
-Unhas saudábeis viandas para a miña avoa, quen, sen dúbida ningunha, é quen de coidar de si mesma como persoa adulta e madura que é -respondeu.
-Non sei se sabes, querida -dixo o lobo-, que é perigoso para unha rapaciña percorrer soa estes bosques.
Respondeu Carapuchiña:
-Encontro esa observación sexista e extremadamente insultante, pero farei caso omiso dela debido á túa tradicional condición de proscrito social. E, agora, se me desculpas, debo continuar o meu camiño.

James Finn Garner: *Carapuchiña Vermella*

2. Cal é o rexistro deste texto? Exemplifica a túa afirmación.

“Turismo de transplantes”

Un occidental con cartos viaxa a un país remoto para poñer o ril dun labrego sen recursos. Niso consiste este fenómeno que se está convertendo nunha moderna forma de explotación, que nada ten que envexar á escravitude, e nunha das maiores preocupacións da OMS.

Non é ningunha lenda urbana. Dun lado está o occidental que quere comprar case 16 anos de vida. Doutro, a desesperación dunha persoa que cre atopar na venda dun órgano unha saída da miseria. No medio, o intermediario, que é quen realmente se beneficia deste sucio negocio. Malia que a OMS avoga pola criminalización desta forma de escravitude –corpo humano a cambio de cartos–, o 10% dos transplantes que se fan no mundo entran nesa categoría grazas á existencia dun gran baleiro legal, pois a doazón non está lexislada nalgúns países.

En Paquistán pódese mercar un ril compatible por uns 12 000 euros mediante un acordo cun hospital vía internet; o goberno da India fai publicidade na súa páxina oficial de turismo das grandes vantaxes de facer alí un transplante de ril; o ano pasado a Asociación Británica de Transplantes acusou a China de vender órganos de presos executados sen o seu consentimento e tamén de ter evidencias de que, en moitos casos, antes de matar ao reo “seleccionase” aquel que poida ter os órganos compatibles cun determinado receptor. E, por riba, nos últimos anos as organizacións delituosas internacionais xa se decataron do aspecto lucrativo deste mercado negro, coas graves consecuencias que isto pode ter.

Por suposto, acceder a estas terapias non é soamente cuestión de cartos, senón que hai que ter a desesperación –ou a falta de vergonza– suficiente para non inmutarse ante o feito de que a maioría das veces as persoas que doan son miserables que non teñen máis remedio que vender os seus órganos para vivir.

GPS, outubro-novembro 2007

3. Na súa versión orixinal o seguinte texto é informal. Ofrecémosche logo tres propostas da intervención de Flanagan reescritas en versión formal; selecciona a que consideres máis axeitada, argumentando a túa escolla.

–Si, esa si que a vin. É a adaptación dunha antiga novela de Dürrenmatt, *O xuíz e o seu verdugo*. Lina nunha edición antiga que ten miña nai, que por algo é bibliotecaria. Era un libro moi bo.

–E tamén está moi ben Nicholson, aínda que por veces sobreactúa e acena demasiado. E sabes cal me gustou moito tamén? *Shiner*, con Michael Caine. Coñécela? Ostras, Michael Caine fai dun vello mafioso que ten un fillo e metéuselle no tarro que o fillo sexa boxeador e ben se ve de primeiras que o fillo é un pobre miñaxoia, que non ten nin media labazada e que nunca chegará a ningures como boxeador, pero o pai xoga todo canto ten, todo porque el tamén é un miñaxoia, arruinado e non tan importante como parecía de principio. É caralluda.

Carlota detívose diante do escaparate dunha pequena papelería de barrio.

Martín, A. e Ribera, J.: *O diario vermello de Flanagan*, Galaxia, 2006

Versión 1

–E tamén está moi ben Nicholson, aínda que por veces sobreactúa e acena demasiado. Tamén me gustou moito *Shiner*, con Michael Caine. Michael Caine fai dun vello mafioso que ten un fillo; metéuselle no tarro que o fillo sexa boxeador pero xa se ve que o fillo é un pobre miñaxoia e que nunca chegará a ningures como boxeador; mais o pai xoga todo canto ten, porque el tamén é un miñaxoia, arruinado e non tan importante como parecía de principio... É caralluda.

Versión 2

–E tamén está moi ben Nicholson, aínda que por veces sobreactúa e acena demasiado. Tamén me gustou moito *Shiner*, con Michael Caine. Michael Caine interpreta a un vello mafioso que ten un fillo. Quere que el sexa boxeador pero xa se ve que o fillo é un coitado que nunca chegará a ningures; mais o pai xoga todo canto ten, porque el tamén é un miñaxoia, arruinado e pouco importante... É magnífica.

Versión 3

Tamén está excelente Nicholson, aínda que por veces sobreactúa e xesticula demasiado. Encantoume, así mesmo, *Shiner*, protagonizada por Michael Caine. Interpreta a un vello mafioso que pretende que o seu fillo se converta en boxeador; porén, xa desde o comezo se constata que o mozo non ten aptitudes. Así e todo, o pai, arruinado, insiste e arrisca todo o que ten para lograr o seu propósito. É magnífica.

4. Substitúe os termos subliñados por outros máis cultos:

“O reloxo”

Domingo, 20 de xullo

Vive un pouco máis arriba da casa de meus pais, no medio do monte, nunha casa atrapada polas árbores e as silveiras. A casa está sempre pechada, comprimida, como se lle doesen os ovarios todo o tempo. Ela, Ana, chegou á aldea hai quince anos, cando casou. Era daquela unha muller alegre, gordecha, á que lle gustaba xogar cos nenos e andar de leria coas veciñas. Co tempo comezou a murchar e deixou de saír da casa ata encerrarse definitivamente. Hai anos que só sae os domingos pola mañá para ir á misa co seu home, camiñando sempre uns pasos detrás del.

Hoxe estabamos lendo os xornais debaixo da viña cando pasaron os dous. Ela parou un momento para saudar. El púxose ao seu lado e levantou o brazo para pousarillo enriba do ombro. Ela entón, aterrorizada por aquel movemento, arredou a cabeza nun xesto brusco e lanzou un grito.

-Nin que che fose peghar, ti es parva ou que? -díxolle el e colocou o brazo sobre o ombro dela, subiu a manga da camisa e deixou ao descuberto un enorme, relucente, reloxo prateado. Ela tapaba a cara coas mans, chorosa, avergoñada. Cando marcharon, camiño da igrexa, el volveu soltala e adiantouna sen dicirlle nin unha palabra, sen preocuparse pola súa humillación.

-Mal bicho -dixo mamá. O único que quería é que lle vísemos o reloxo novo.

Anxos Sumai: *Melodía de días usados*, Galaxia, 2005

5. Localiza os usos sexistas da linguaxe deste artigo e propón alternativas non discriminatorias:

"O galego retrocede nos xornais máis subvencionados"

O uso do galego nos diarios impresos do país segue a ser "moi baixo" malia as subvencións que reparte a Xunta entre as editoras de xornais todos os anos. Así o denuncia un informe elaborado por alumnos de Xornalismo da Universidade de Santiago e publicado na revista da Mesa Pola Normalización Lingüística.

O estudo conclúe que só o 7,9% do espazo nos xornais está na lingua do país. É máis, a súa presenza nos espazos máis importantes -portada e contraportada- é case nula. Os investigadores, baixo a coordinación da profesora Ana Boullón, acharon que "os xornais con máis difusión, *La Voz de Galicia* e *Faro de Vigo*, son dos que menos a empregan (4,8% e un 5,3%, respectivamente)".

Noutras publicacións analizadas -*DXT Campeón* (0,8%), *El Ideal Gallego* (2,9%), *El Correo Gallego* (4,1%), *El Progreso* (4,6%), *Diario de Pontevedra* (4,8%) - a situación non é mellor. *La Región* (8,1%), *Diario de Ferrol* (9,9%), *La Opinión* (11,7%), *Atlántico Diario* (14,1%) e *Diario de Arousa* (24,3%) presentan índices un chisco máis positivos.

Canto cobran por publicar un pouco en galego?

As axudas que dá a Xunta a estes medios por publicar en galego é outro dos puntos polémicos do estudo. Os autores denuncian "a falta de transparencia dos datos das subvencións", aos que non tiveron acceso "nin preguntando directamente nas instancias da Xunta nin pescudando polo DOG".

Os únicos datos que lograron proceden dunha convocatoria da Consellería de Educación en 2005, que representa unha pequena parte das axudas totais, moitas repartidas dende a Presidencia da Xunta. Curiosamente as empresas que recibiron máis cartos de Educación -o Grupo Voz, que obtivo 600 000 euros e Editorial Compostela, matriz de *El Correo Gallego* e *Galicia Hoxe*, que logrou case un millón- reduciron o uso do idioma propio nos últimos anos. [...]

Campaña de presión

A revista da Mesa tamén publica unha listaxe de enderezos das seccións de cartas ao director destes medios para solicitar un maior uso do galego.

Os autores do artigo na revista Longa Lingua foron os alumnos Ana Ábad, Déborah Castro, Tania Alonso, Ildara Enríquez, Manuel González, Moisés Martínez, Duarte Romero, Ricardo Saavedra, Verónica Sanmarco e Manuel Turnes.

Galicia Hoxe, 30-5-2007

6. Escolle a opción galega que corresponda para cada un destes castelanismos fraseolóxicos:

- | | |
|---------------------------|-------------------------|
| 1. dar a murga | a) non dar fala |
| 2. a menudo | b) ardendo |
| 3. de puta madre | c) antes ou despois |
| 4. a toda costa | d) co tempo |
| 5. tarde ou temprano | e) facer fronte |
| 6. á larga | f) marear a cabeza |
| 7. a regañadentes | g) andar decaído/a |
| 8. meter a pata | h) como sexa |
| 9. buscarse a vida | i) de moito nabo |
| 10. andar de capa caída | k) a miúdo |
| 11. a veces | l) de mala gana |
| 12. ao roxo vivo | m) dar a lata |
| 13. tocar os narices | n) meter a zoca |
| 14. a grandes rasgos | o) apañarse |
| 15. non dicir nin pío | p) ás veces |
| 16. estar ata a coronilla | q) a grandes trazos |
| 17. plantar cara | r) estar ata as orellas |